

# O Municipio

Ubicación xeográfica da cidade  
42° 26' 01" N - 8° 38' 51" O



A historia da cidade, desde a súa orixe, estivo sempre relacionada coa súa situación estratéxica, tanto nas primeiras vías romanas como posteriormente na rota medieval do Camiño Portugués a Compostela. As pontes son os elementos máis significativos de Pontevedra, especialmente a do Burgo, na capital, como a de Ponte Sampaio, no sur. *Máis información sobre a historia en [www.pontevedra.eu](http://www.pontevedra.eu)*



**Símbolo municipal, Bandeira e Escudo heráldico de Pontevedra**

<b>Lugar</b>	Portamulino
<b>Parroquia</b>	Corponzóns
<b>Río</b>	Río Lézor
<b>Monte e altitude</b>	Castelo 187 m
<b>Instalación deportiva</b>	Hipódromo
<b>Sendas</b>	Sendeiro dos Gafos
<b>Áreas de sendeirismo</b>	

**Extensión e poboación**

	Ext. (Ha)	Hab. (aprox.)
Alba	353,4	800
Bora	748,9	800
Campañó	1.025,5	2.000
A Canicouva	719,9	300
Corponzóns	577,6	800
Lézor	394,3	1.800
Lourizán	454,6	3.200
Marcón	1.084,1	2.200
Mourente	784,9	2.100
Pte. Sampaio	846,2	1.100
Salcedo	848,9	2.200
Tomeza	351,8	1.000
Verdúcido	1.127,6	1.000
Xeve SA	907,5	1.100
Xeve SM	795,6	900
<b>Total parroq.</b>	<b>11.021,2</b>	<b>21.300</b>
Cidade	810,9	60.700
<b>Total</b>	<b>11.832</b>	<b>82.000</b>

A maior parte da poboación vive no centro urbano, se ben unha parte importante está espaxada polas 15 parroquias que a circundan. Dúas delas miran á ría de Vigo, no sur: Ponte Sampaio e Canicouva. No norte están Campañó, Alba, Corponzóns, Verdúcido, Santa María e Santo André de Xeve, ademais de Lézor, practicamente inserida no centro urbano. Mourente tamén é case urbana, ao leste, como Bora e Marcón. Cara ao sur miran Tomeza, Salcedo e Lourizán, que abrangue até a praza Marqués de Valterra, en Estrivella, limítrofe co núcleo urbano de Marín.

Os montes do Castro fan limitar a zona de Campañó coa península do Salnés. Unha franxa de montes separen de norte a sur as parroquias de Corponzóns e Verdúcido. Os montes do Acibal sitúanse entre Pontevedra e Campo Lameiro. Outras altitudes significativas conforman, ao sur, a Serra da Fracha e os montes da Canicouva, que xa miran a Ponte Sampaio e á Ría de Vigo. Das 11.800 Ha do municipio, unhas 6.300 son superficie forestal.

Situación da capital na provincia de Pontevedra

Concello de Soutomaior